


**Esquema do tema 9:**



**Vocabulario: Na aldea.**

Adro	Atrio
Fonte	Fuente
Regato	Riachuelo
Palco	Palco de música
Carreiro	Sendero, camino estrecho
Leira	Finca
Cruceiro	Crucero
Carro	Carro
Vila	Pueblo
Aldea	Pueblo pequeno
Cidade	Ciudad
Comunidade autónoma	Comunidad autónoma
Abanear	Mover
Lameira	Barrizal, lodazal

Coruñes- santiagués, ferrolán, monfortino, ourensán, rivadaviense, vigués, lugués, viveirense, carballinés, pontevedrés, lalinense, ...

Os nomes das persoas que habitan nas distintas localidades chámanse **xentilicios**.

**Gramática:** O pronome persoal.

O porco espiño tivo una idea brillante —————> **Él** tivo unha idea brillante.

Uxía e mais eu vimos un porco espiño —————> **Nós** vimos un porco espiño.

Os **pronomes persoais** son palabras que substitúen os nomes de persoas ou de animais. As súas formas son as seguintes:

<b>Persoa</b>	<b>Singular</b>	<b>Plural</b>
1º	Eu	Nós
2º	Ti	Vós
3º	El, ela	Eles, elas

**Ortografía:** As palabras con x

Taxi, saxofón, xamón, xeado

- O **x** ten sons diferentes.
- O **x** de xamón, xeado, ... e o **x** de taxi, saxofón, ...

Palabras con -ex e palabras con – es

Ditado:

**Xoana** e **Ximena** eran as fillas de **Xacinto**, o **xastre**. En **Xaneiro**, a xuventude da vila **xuntábase** na carballeira. Pero a pobre **Xoana** non tiña pensado ir á **xuntanza**, **xa** que non tiña **traxe** que lle valse, nin **xustillo** no que entrase, nin **refaixo** que a **xunguise**. Da pena, unha bágoa esvarou pola súa **meixela** ata caer nas tesoiras do seu costureiro, e das tesoiras saíu un **xenio** ...

**Literatura:** as lendas

A **lenda** é un relato de feitos fantásticos que se transmite de xeración en xeración. Nela aparecen elementos sobrenaturais, como os milagres, ou personaxes con poderes extraordinarios.

Moitas veces, as lendas pretenden explicar a orixe dun costume, do nome dun lugar, ... ou algún feito real que, noutros tempos, non se comprendía.